

Nin todo é o que parece, nin nada é imposible

Todo pasou tan rápido, que non sei como nin de que maneira cheguei eu aquí. O único que sei é que despertei agora mesmo e os médicos aínda non din nada porque quere esperar aos resultados das probas e non dar un diagnóstico erróneo. De seguro que te estás a preguntar de que estou falando; porén, creo que antes de contarche a miña historia debería presentarme. Son Iria, unha rapaza que agora mesmo ten dezaioito anos; considero que non necesitas saber máis de min, pois irás coñecéndome pouco a pouco.

Isto comenzou sen eu apenas dar-me conta, cuns cinco anos. Dende sempre admirei aos karatekas, simplemente víaos no televisor do meu salón e quedaba parva cos combates e katas. Despois de insistir-lle aos pais para ir a clases de karate, accederon. Co que me gustaba a min este deporte, non tardei en destacar entre os meus compañeiros. Con doce anos, presentei o meu exame de cinto negro. E este foi o segundo mellor exame; detrás de Carlota Fernández unha boa amiga, e diante de Natalia García unha rapaza á que só coñecía de vista, pois cada rumor que se escoita sobre ela era peor que o anterior.

Despois de traballar duro, convertín-me nunha das mellores karatekas de Galicia. Dábaseme ben tanto katas como o chamado “kumite” (combate). De aí pasei a competir en todos os campionatos que se me ofrecía, e case sempre remataba no podio con Carlota e Natalia. Aínda recordo o primeiro campionato galego ao que asistín, chea de nervios e con medo de competir. Cos anos iso mudou, e ía moi segura e con ganas de demostrar o que valía.

A verdade, é que a min nunca me gustou destacar, ser a mellor en todo. Pero dende sempre o fun; estudos, karate, academia de idiomas, música... Todos confiaban en min, pero aquilo facíame cargar un gran peso as miñas costas. Sentía que en calquera momento podía facer algo mal, e decepcionar a todos. E iso era o meu maior medo.

Pero ao que ía, supoño que queres saber que me pasou non si? Pois comezarei polo principio... Como tantas outras veces, eu dispúñame a entrar no coche para ir a un campionato, o máis importante deste ano. Era un campionato a nivel de España, e as dúas primeiras competidoras clasificadas irían a competir a Estrasburgo a outro campionato a nivel europeo. A min facíame moitísima ilusión pensar en competir en Francia. Xa me imaxinaba alí con Carlota e ou con Natalia, que tamén podía ser. Pero torceuse todo nunha décima de segundo...

O campionato ía ser nun pavillón que eu coñecía moi ben, pois alí se fixeron os primeiros campionatos aos que acudín. Durante o traxecto no coche ía atenta co móbil en mans libres, pois tiña que darlle indicacións de como chegar ao pavillón a uns amigos meus do bacharelato. Nunha curva cerrada, viña un coche máis rápido do permitido. Eu xa vía que se non me apartaba ía chocar contra min de cara. Mais, no último momento este fixo unha manobra e ocasionou un accidente múltiple cando un tráiler tentaba apartarse. Nese intre, os tres vehículos chocaron entre si. O único que recordo é que o coche veu directo a min, e logo perdín a conciencia.

Días máis tarde espertaba no hospital, e doíame ata a última parte do meu corpo. No intre que abrín os ollos, atopei a Natalia sendo arrestada pola policía diante dos meus ollos. Non entendía nada, por iso fixen notar que estaba desperta. En menos dun minuto a habitación encheuse de familiares, médicos, policía... Pasaron varias horas ata que me permitiron ver a miña familia, pois fixéronme ata a última das probas existentes.

Cando a miña familia me contou o que acontecera, eu quedei pasmada, non sabía que dicir. Resulta que Carlota e Natalia ansiaban ir a Francia tanto coma eu, pero elas decidiron ir un paso máis alá para conseguilo. Natalia decidiu subornar a varios xuíces. E logo de que a Carlota lle informara o seu pai co que acontecía, o pai de Carlota era o presidente de xuíces (é aí a razón pola que foi o mellor exame de cinto negro), decidiu quedar no podio dunha maneira máis egoísta, sen importarlle as consecuencias. Contratou a unha persoa para que se acercara ao meu coche na estrada, e me advertise para que non asistira ao campionato. Pero polo visto fóraselle das mans a velocidade e impactou o seu coche contra o noso. A policía enterouse do plan de Carlota, pero como ela non conseguira ir a Francia, decidiu que confesaría o plan de Natalia para facela caer a ela tamén. Polo visto, Natalia sentíase tan culpable polo que me pasara que fora ao hospital para desculpase comigo e logo falar coa policía, mais esta xa se adiantara a ela.

Uns anos máis tarde estou competindo no campionato europeo de parakarate, pois quedei en cadeira de rodas despois do accidente. A día de hoxe; Natalia está en liberdade despois de pagar unha multa, e Carlota segue na cárcere a espera de xuízo. Pero o máis importante é que finalmente conseguín facer o meu soño realidade, e descubrí que Natalia non era a persoa que me estiveran pintando durante tanto tempo.